



PROGRAMA E METODOLOXÍA DE TRABALLO

1. Actividades transnacionais previstas

A. Estratexia transnacional global

As cinco AD implicadas nesta asociación transnacional planificaron unha estratexia de actividades integrada. O principal obxectivo da mesma é crear un contorno esencialmente positivo nos catro países participantes respecto ao desenvolvemento dun espírito empresarial social para combater a exclusión social de persoas desfavorecidas. Os expertos que participan en representación dos socios transnacionais propuxeron unha estratexia xeral que será posta en práctica no marco desta cooperación transnacional. Espérase que o proceso de planificación de devandita estratexia, rigorosamente coidadoso, produza os resultados e efectos positivos desexables no mercado de traballo e na sociedade dos países implicados, o que contribuirá á promoción da igualdade de oportunidades e a integración uniforme no mercado de traballo dos grupos aos que se enfoca.

As AD transnacionais globais durarán 30 meses, e a súa estratexia baséase nos seguintes elementos:

- Establecemento dun modelo de xestión de proxecto;
- Actividades referentes á creación da contorna apropiada para o desenvolvemento da economía social;
- Énfase en actividades relacionadas co apoio a novas formas de empresas sociais utilizando instrumentos tecnolóxicamente avanzados e novos instrumentos financeiros;
- Investigacións referentes á identificación de modelos europeos de empresas sociais e transferencia das boas prácticas a contornas locais;
- Accións planeadas para mellorar as habilidades do persoal clave implicado en empresas sociais;
- Enfoque de xénero na creación de negocios sociais;
- Difusión dos instrumentos e metodoloxías transnacionais creados.

Polo tanto, a estratexia transnacional podería concibirse como un proceso de varias accións que desempeñan unha función cruce en todos e cada un dos programas de traballo nacionais, promocionando un valor engadido real para a política de desenvolvemento.

Desta forma, as actividades de cada AD terán en conta o que xurda das reunións transnacionais onde o intercambio de información e experiencias é de gran importancia para o desenvolvemento dun enfoque innovador para proporcionar formación e apoio ás novas formas de empresas sociais.

B. Tipoloxía das actividades

Actividades transnacionais planeadas	Categoría
Intercambio de información e experiencias	****
Desenvolvemento paralelo de enfoques innovadores	****
Importación, exportación ou adopción de novos enfoques	****
Desenvolvemento conxunto	***
Intercambio de traballadores/as en prácticas/formadores/persoal	***

C. Descrición das actividades e tarefas

Nome da actividade	Descrición
1. Grupo de xestión Transnacional (GXT)	Cada AD nomea a unha persoa para que estea no Grupo de Xestión Transnacional (GXT). Xestión e coordinación de actividades transnacionais. Xestión e mantemento do ETCIM para garantir a comunicación transnacional entre os socios transnacionais e o cumprimento do plan de traballo. O GXT asumirá a responsabilidade de realizar calquera cambio durante o tempo que dure o proxecto. Cada socio que exerza de anfitrión do GXT é responsable de preparar e organizar a reunión, así como de recompilar o informe para levantar acta e comunicar as decisións cruce que se tomen. Haberá un total de 8 GXT durante o período de vida do proxecto: 3 realizaranse entre os TT e un seminario, e 5 directamente logo dun TT e un seminario. O GXT terá unha reunión de 1 día (1 día e 2 noites).
2. Investigación comparativa acerca de modelos e boas prácticas	Investigación documental sobre a situación nacional de emprego, inclusión laboral das persoas desfavorecidas, tendencia do mercado de traballo, sobre todo no referente ás persoas desfavorecidas 'Identificación de modelos de empresas sociais e organización de incubadoras de empresa social', 'Identificación de boas prácticas e acumulación de casos excelentes', 'Instrumentos financeiros', 'Informe final sobre a investigación comparativa'. Cada AD identificará o recurso humano (xente) que traballará cos demais membros das AD para completar esta tarefa dentro do orzamento asignado. Os principais métodos que se utilizarán para conseguir isto serán os

talleres e visitas planeadas, aínda que a comunicación electrónica (e-mail) manterá os vínculos entre socios; unha vez máis, o GXT xestionará e seguirá atentamente esta acción a través das súas 8 reunións previstas.

3. Talleres e seminarios

Cada AD realizará polo menos un taller transnacional (TT) ou seminario. O TT está centrado de forma temática nos obxectivos comúns da asociación transnacional, e vinculado a eles. Cada socio que exerza de anfitrión dun TT é responsable da súa preparación e organización, e recompilará un informe que contribuirá á priorización e divulgación. O TT compórase dunha serie de actividades durante 2 días (2 días e 3 noites), nas que os socios se dividirán en talleres máis pequenos para acometer temas como: a mellor práctica para o crecemento da economía social, as persoas desfavorecidas e sector innovador. Cada socio incorporárase ás visitas de estudo en función da súa propia capacidade orzamentaria transnacional. Haberá (polo menos) 3 talleres e 2 seminarios. Os talleres estarán dirixidos aos operadores implicados no proxecto transnacional, e centraranse no desenvolvemento dos principais aspectos do proxecto. Os seminarios serán públicos, diríxense tamén a actores públicos e privados e neles participarán expertos industriais nos seguintes temas: mercado de traballo para persoas discapacitadas, instrumentos de apoio para cooperación social, o futuro das empresas sociais en Europa.

4. Visitas de estudo

As visitas de estudo (VE) organízanse para que os profesionais coñezan outros proxectos e métodos. Cada socio incorporárase ás visitas de estudo en función da súa propia capacidade orzamentaria transnacional. As VE son visitas bilaterais. Os gastos de viaxe e aloxamento serán asumidos polo socio expedidor. Cada socio anfitrión dunha VE é responsable da preparación e organización da mesma, e tamén da recompilación dun informe bilateral. A VE terá unha duración mínima de 2 días (2 días, 3 noites) e máxima de 5 días e 6 noites, incluídas reunións, visitas a proxectos locais, formación, etc.

5. Desenvolvemento paralelo de enfoques innovadores, desenvolvemento conxunto de métodos, procesos e estratexias

Como resultado dos talleres transnacionais, seminarios e estudos de visita bilaterais, identificaranse novas oportunidades para un desenvolvemento conxunto máis específico. Espérase que isto xere o maior potencial e as maiores oportunidades para que os socios individuais traballen xuntos de forma máis innovadora en temas ou cuestións específicas a través de programas experimentais, desenvolvemento conxunto ou intercambios. O GXT xestionará esta área de traballo e dará

prioridade ás oportunidades que haxa que apoiar baseándose en cales ofrecen o maior valor engadido e en cales apoian e benefician máis os propósitos e obxectivos do ACT. Definición de produtos comúns: aínda que se teñen en conta as necesidades locais e nacionais, os produtos comúns poden ser dunha gran axuda para os diferentes beneficiarios finais do proxecto. Esta sección tamén podería incluír:

- a) A organización dunha incubadora virtual que proporcione ás empresas sociais unha posta en marcha cunha ampla gama de servizos a través de Internet. Desenvolverase un marco común, e entón cada socio localizará este concepto con tecnoloxía e páxinas web locais.
- b) A creación dunha rede de empresas transnacionais para fomentar o intercambio de recursos e experiencia.
- c) O desenvolvemento de talleres temáticos xestionados polo respectivo persoal de proxecto, no que formadores e traballadores en prácticas poidan atoparse.
- d) A edición dunha guía con directrices para os axentes implicados no proceso de creación dun negocio, para ocuparse mellor dos beneficiarios finais.

6. Avaliación

Cada AD identificará o recurso humano (xente) que traballará cos demais membros das AD para completar esta tarefa dentro do orzamento asignado. Os principais métodos que se usarán para conseguir isto serán os talleres e visitas de estudo planeadas, pero a comunicación electrónica (e-mail) manterá os vínculos entre socios; unha vez máis, o GXT xestionará e seguirá atentamente esta acción a través das súas 8 reunións previstas.

2. Metodoloxía para compartir información, resultados e instrumentos de traballo

O Grupo de Xestión Transnacional, que se reunirá 8 veces durante o ciclo de vida do proxecto, será o responsable da comunicación entre socios en última instancia. Isto lograrase tanto de forma dixital, mediante o correo electrónico, como a través da asistencia oficial a reunións de AD locais. A transnacionalidad será un elemento habitual na orde do día de todas as reunións de AD locais.

O secretariado transnacional alternará para garantir que a responsabilidade sexa compartida, e tamén para asegurar que a información circule regularmente entre todos os socios dun modo oportuno.

A estratexia de priorización e divulgación pretende desenvolver unha forma nova e eficaz de proporcionar información continua e relevante acerca da cooperación no ACT durante toda a vida do proxecto, e non só ao final do mesmo.

3. Calendario de etapas, resultados e eventos

- 1º Encontro. Brescia , o 3-4 de novembro de 2005

O obxectivo principal foi consolidar o arranque inicial e o lanzamento dos sectores transnacionais innovadores do EQUAL e da economía social

- 2º Encontro. Santiago de Compostela, 9-11 de xullo de 2006. Cun seminario titulado "Instrumentos de financiamento para as empresas de economía social", ademais de visitas a distintas iniciativas empresariais postas en marcha polos socios da AD Compostela Social.

O último día tivo lugar unha xornada de traballo na que se analizaron os pasos dados dentro do programa de traballo transnacional e as seguintes iniciativas a por en marcha.

- 3º Encontro Seminario 'Promotion of social economy development at a local and regional level – experiences of Poland, Spain, Greece and Italy' e reunión do grupo de traballo. Gracovia-Katowiza, 19-20 de outubro do 2006. Nel os socios presentaron diferentes programas rexionais e municipais en prol do xurdimento de empresas de economía social, así como experiencias exitosas xurdidas grazas á axuda deles.

O segundo día a reunión do grupo de traballo transnacional foi en Katowiza.

- 4º Encontro transnacional do Programa EQUAL, "Grupos vulnerables y políticas para la integración social", en Atenas- Grecia, os días 8 e 9 de febreiro de 2007.

- 5º Encontro transnacional en Santiago de Compostela con visita de estudo ao noso proxecto na cal se visitaron empresas creadas dentro do programa Equal Compostela Social nos concellos de Santiago de Compostela, Ames, Teo e Val do Dubra, os días 18 e 19 de abril.

- Seminario transnacional "The impact of the Equal program in the local development from a gender perspective", o día 21 de abril, organizado pola AD Compostela Social.

- 6º Encontro transnacional celebrada en Brescia- Italia, consistente nunha visita de estudio do 29 ao 31 de maio.

- 7º Encontro transnacional en Atenas (Grecia) con visita de estudo do 3 ao 5 de xullo.

- 8º Encontro transnacional e visita de estudo do Programa EQUAL que tivo lugar os días 4 e 5 de setembro e na conferencia internacional "European social economy – achievements of Transnational Cooperation within EQUAL CI and challenges for the future", o día 6 de setembro en Cracovia (Polonia)

- 9º Seminario final para la presentación de los resultados del Proyecto Equal. Tivo lugar en Densenzano di Garda (Italia). Alí presentáronse os materiais elaborados nesta actividade transnacional e debatiuse sobre as perspectivas de futuro respecto ós fondos europeos de cara ao período 2008-2013.